

ACTA

<b>Expediente núm.</b>	<b>Órgano Colexiado</b>
PLN/2026/1	O Pleno
<b>DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN</b>	

**Tipo Convocatoria:**

Extraordinaria

Motivo: «Aprobación do orzamento municipal para o exercicio 2026.»

**Data:**

29 de xaneiro de 2026

**Duración:**

Desde las 20:31 hasta las 22:15

**Lugar:**

Salón de Plenos

**Presidida por:**

María Dolores Castiñeira Alén

**Secretario:**

Berta Alonso Soto

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
***1448**	Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
***7680**	Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
***9999**	Iván Lorenzo Rodríguez	SI
***6142**	Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
***0765**	Jorge Gregorio Vaqueiro	SÍ
***9888**	José Luis Fernández Pérez	SÍ
***7807**	Marcos Troncoso Estévez	SÍ
***0936**	María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
***1083**	Salustiano Guerra García	SÍ
***0678**	Santiago Rodríguez Davila	SÍ
***7850**	Selene González Luis	SÍ
***0126**	Vanessa Rocha Núñez	SÍ
***7909**	Óscar Domínguez Sequeiros	NON

**Excusas de asistencia presentadas:**

Óscar Domínguez Sequeiros: «Motivos médicos»

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.



**Sra. Alcaldesa:** Escusar a non presenza do compañeiro Óscar do PSdeG-PSOE que se atopa recuperándose de unha operación.

**A) PARTE RESOLUTIVA**

<b>Expediente 106/2026. Aprobación do orzamento municipal para o exercicio 2026.</b>	
<b>Desfavorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 5, En contra: 6, Abstencións: 1, Ausentes: 0

**Sr. Rodríguez Canosa:** Como ben dixo a Alcaldesa, traemos a este pleno o orzamento xeral para o ano 2026. Un orzamento real, non se trata de contabilidade de ficción, como poden facer outras administracións, e que, si que é certo que descenden respecto a 2025, pero porque neste orzamento non incluimos ningún tipo de investimento financiado con achegas de outras administracións, senón que é todo con fondos propios. Os orzamentos totais que alcanzan a cifra de máis de 6.000.000 de euros, 6.021.228,33€ e que están equilibrados en ingresos e gastos. Respecto dos ingresos podemos ver o capítulo I que alcanza 1.863.000€, é un capítulo que abrangue os impostos indirectos, imposto de bens inmobles, imposto de actividades económicas, o imposto de vehículos de tracción mecánica, e tamén o imposto de incremento de valor dos terreos de natureza urbana. Un apartado no que se optou por un criterio de prudencia e, as cantidades que se consignaron son practicamente as mesmas ao recadado no exercicio anterior, posiblemente, e se poderá mirar cando chegue a liquidación deste exercicio, as cifras reais serán superiores a esta cifra. No capítulo II, falamos de impostos indirectos, e proveñen, sobre todo, de impostos sobre as construcións, instalacións e obras, no imposto do ICIO, e ascende a 58.705,20€, neste caso, o criterio foi establecer os tres últimos exercicios de recadación neta para marcar esta cifra. No capítulo III, son ingresos previstos por operacións correntes, de taxas e outro tipo de ingresos que tamén se fixo un criterio de prudencia e se calculou a media das tres últimas liquidacións. E, por último, no capítulo IV, que son os que teñen consignación, falamos de transferencias correntes, transferencias que veñen en función, sobre todo e principalmente da participación nos tributos ao Estado e do Fondo da Cooperación Local, ademais das transferencias para os servizos sociais.

Como ben dixen, uns ingresos dun total de 6.021.228,33€, e penso que o máis importante, e que me gusta remarcar tamén todos os anos, uns ingresos que temos sen subir impostos, non se subiron impostos, non se tocaron os impostos e iso é moi importante poder equilibrar estas contas, porque ao non subir o impostos, todos sabemos que os gastos reais suben ano tras ano e, sobre todo, nestes últimos anos, a subida todos a podemos ver non noso día a día, e dende o Concello e dende o Goberno estase facendo unha importante contención de gasto para alcanzar o equilibrio nestas contas.

Os gastos, que alcanzan a mesma cifra e que resumo un pouco por capítulos: temos o capítulo 1, que como ben saben é un capítulo dedicado a persoal e que ascende a 2.316.000€, remarcar que é o capítulo máis importante do Concello e que supón o 38,47% do orzamento total, case un 40% do orzamento total do Concello que se destina aos gastos de persoal. Hai que dicir que todas as prazas existentes na RPT están dotadas e isto tamén nos vai a permitir executar e sacar adiante a oferta pública de emprego do ano 2025 sacando



a concurso novas prazas, como a de técnico ou técnica da administración xeral, ao do conserxe do Pavillón e dúas prazas de policía local, ao final, unhas prazas que redundarán no beneficio da veciñanza e no beneficio e aumento dos servizos a veciñanza.

Tamén é un orzamento centrado no eido social, as grandes cifras e os grandes volumes do orzamento así o manifestan, unha partida dedicada ao eido social de 1.050.000€ e que representa o 32% do gasto corrente do orzamento, como sempre, a partida máis importante a leva o SAF, onde mantemos servizos coma o servizo de atención psicolóxica APAXAR, a aula 21, os campamentos gratuítos, ou mantemos a colaboración coa aula sénior da Revolta. Neste apartado ogallá que sexa certo e que a Xunta execute os acordos que tiveran coa FEGAMP para dotar de máis financiamento ao SAF, lembremos que é unha competencia que non é dos Concellos, é unha competencia autonómica e que, ao final, temos que asumir os Concellos, e nos alegamos de que aumenten a partida, pero, cando chegue o 100% realmente se fará xustiza fiscal con as administracións locais.

Un orzamento de gastos onde tamén crecen e varían diferentes partidas: equilibramos un pouco a partida de cultura aumentándoa respecto á de deportes e tamén onde reservamos unha partida para poder facer fronte e aplicar e executar a ordenanza da regulación da biomasa, executando así de forma subsidiaria a limpeza de fincas en casos extremos onde as persoas propietarias non cumpren coa lexislación e, desta maneira, poder executar estes traballos e, despois, poder repercutilos nos propietarios ou propietarias destas parcelas.

Como non, un dos apartados máis importantes do orzamento son os investimentos reais, os investimentos reais que, neste caso, se executarán con fondos propios por un valor de 105.000€, uns investimentos que tedes no anexo de investimentos e que son, ademais, uns investimentos de consenso, negociados e acordados cos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG. Entre os investimentos, podemos resaltar tres estudos de mobilidade para un pouco mellorar o futuro que son a mobilidade da zona da Feira, do Barreiro e da Picoña, tamén un estudio da mellora da seguridade no Alto da Brava na conexión coa PO 510 e tamén un estudio para unha nova estrada no lugar de Gumil que una a zona deportiva do Altamira coa zona onde está a zona da actual Cámara Agraria. Tamén se reserva unha partida de fondos propios para investimentos en saneamento, concretamente para un pequeno treito na Picoña e pequenas obras que, ao final, sempre como dicimos, redundando un pouco en favor da veciñanza e adaptando distintos espazos, como pode ser un peche interior no centro de servizos sociais ou tamén para a elaboración dun proxecto de patio cuberto no CPEI Altamira, competencia unha vez máis da Xunta de Galicia, pero vamos darlle o traballo feito e elaborar este proxecto. E, ademais, fondos propios para diferentes obras que xa están en marcha ou que estarán en marcha e que contan con achegas de outras administracións, como pode ser a obra da fase anualidade de 2026 da Praza Abastos ou a partida de fondos propios para o programa Camiña Rural que a Xunta Galicia esperemos que lance en breve. Ademais, unha partida que por falta de tempo non se puido executar no ano 2025, que xa viña recollida no orzamento de 2025, que é a elaboración do proxecto de reforma do actual edificio da Cámara Agraria. Como ben dixeran, investimentos reais e que responden as necesidades reais da veciñanza, de consenso e que esperemos que aprobando orzamento nesta época non se poidan executar sen problema.

Para rematar con este repaso do orzamento, e evidentemente haberá ronda de participación



dos distintos grupos, quero acentuar tamén na débeda, que soe ser un titular que lle gusta sobre todo o PP lanzar, como se pode ver no anexo de débeda do orzamento, isto é un dos elementos que son obxectivos, isto é obxectivo, isto non é subxectivo ni se pode interpretar e reflicten a boa situación económica do Concello, como podemos observar non anexo da débeda continuase reducindo a débeda do Concello ano a ano, e temos unhas obrigas a curto prazo de soamente 39.000€ e unha débeda total a longo prazo de 2,5 millóns, dos que, case medio millón, 1.454.000 se corresponden co pago pola expropiación do Parque Raiña Aragonta. Esta débeda total a longo e curto prazo de 2,5 millóns representa o 43% do orzamento anual do Concello de Salceda, é dicir, que coa metade do diñeiro que recauda o Concello de Salceda nun ano xa se podería facer fronte e liquidar toda esta débeda.

Agradecer como sempre o traballo desenvolto polos departamentos de intervención e de tesoureira para poder elaborar estes orzamentos, un traballo que, como ben saben, non é doado, non é rápido e leva moito tempo e que comezou xa unha vez que se aprobaron as contas do 2025, ese comezo do traballo tan cedo fai que consigamos traer as contas aquí ao este Pleno para o seu debate no primeiro mes do ano, e que esperemos saian a diante e permitan a todos os servizos e a todo o Concello traballar con normalidade ao resto do ano.

**Sr. Núñez Troncoso:** En primeiro lugar desexar unha pronta recuperación ao compañeiro Óscar é un rapaz novo e estamos seguros que vai recuperar rápido e desculpar tamén a ausencia, de momento, quedou de incorporarse durante o pleno, do noso compañeiro Iván.

Estamos ante un documento que vostedes chaman orzamento pero que realmente non é un orzamento, orzamento é aquel documento que ante todo debe ser ambicioso e non solo lograr un documento para intentar cadrar as partidas e cubrir gastos que realmente non o cumpren. Este é un copia pega do orzamento anterior, do ano de 2025, excepto non que é o anexo de investimentos, pero o resto é unha copia pega, e como exemplo que é unha copia pega temos a área de educación, sabemos que a área de educación tendo en conta as liquidacións e as facturas que deixaron sen pagar dun ano para outro pois faría falta para cubrir esta área 470.000€ e vostedes orzamentan 252.000€ a todas luces deficitaria; publicidade, propaganda e gastos protocolarios esta partida, no ano de 2025 tiñan 70.000€ orzamentados, agora pasan, ano 26, a 92.000 € un incremento dun 32% e, lembrar tamén que hai facturas pendentes de pagar nestas partidas do ano de 2025 polo menos de mais de 42.600€. E quería lembrarlle ao señor Salustiano, lémbrese do que dixo a Alcaldesa no pleno do 3 de xullo do 2025 que ía minorar esta partida a petición súa, pois xa ve que de minorar nada de nada, pero vostede a sigue apoiando.

Anexo de persoal, seguimos esperando que se nos diga canto é a indemnización total que hai que pagarlle aos traballadores ou que xa se lle pagou en algúns casos, seguimos esperando, e aí temos a transparencia, teremos uns datos de uns miles e miles de euros a Alcaldesa. Despois o cadro de persoal, vemos trece pazas vacantes das cales tres de policía local e a ver si agora se nos ven con algo novo pero a Alcaldesa no último pleno en relación ao orzamento do 2025 non fixo mención a estas prazas vacantes de policía local fixo mención a outras prazas que agora diremos, agora nos ven o Concelleiro de área que se pretende convocar dúas de policía local, isto é realmente novo, a máis de que non está recollido en ningún documento, como mínimo, debería recollelo na memoria, pero non está recollido. Señor Salustiano, dicía vostede a este respecto no pleno de agosto do 2025 que había dúas



prazas en marcha, técnico de administración e conserxe, a día de hoxe, de marcha non había nada polo que se ve, porque vamos para cinco meses e de marcha non hai nada, porque a oferta non saíu publicada, ata a Alcaldesa o outro día na comisión informativa non tiña coñecemento ou descoñecía si saíra publicada a oferta ou non, pero a oferta non saíu, entón non podían estar en marcha, a vostede a mellor lle dixeron que estaba en marcha para que os apoiara pero xa ve que non estaba en marcha. Dicía tamén que no primeiro semestre do 26 ían a quitar tres operarios e un condutor e no primeiro trimestre do 2027 tres operarios e un auxiliar de biblioteca, cinco minutos máis tarde da súa intervención, señor Salustiano, a Alcaldesa no mesmo pleno, di o seguinte: primeiro tramo, 2025 e 2026, así dixo, lanzouse a oferta de conserxe pero aínda non se lanzou a de técnico de administración xeral, isto non é certo, cando se lanzou esa praza señora Alcaldesa? Cando se lanzou a de conserxe? porque non saíu a oferta, imposible que se houbera lanzado. 2026 e 2027 condutor e tres operarios, 2027 e 2028 que vostede non fixo mención ao 2028, señor Salustiano, para nada, tres operarios máis un auxiliar de biblioteca, non coincide o que ela manifestou co que dixo vostede que había acordado coa Alcaldesa é o seu goberno, xa ve que non coincide, pero é que ademais o que están vostedes a dicir non é certo, falan en total de seis operarios e de operarios na plantilla só hai tres vacantes, como é que van a convocar seis si de operarios só hai tres vacantes? explíquenos iso, operarios tres vacantes, así está recollida, polo menos no último listado que se nos pasou porque o primeiro que foi a comisión vostedes saben que era que non estaba correcto.

Anexo de investimentos, como dicía o Concelleiro, 105.000€ escasos, ambicioso loxicamente non o é, e podemos estar de acordo con estas pequenas obriñas, pequenos proxectos, como soe dicir a Sra. Alcaldesa, algunhas estamos de acordo, e de feito, nos programas electorais deste Grupo xa o recollíamos, como era a circunvalación, para dar o mellor servizo aos veciños da Feira, Picoña e Barreiro, o enlace coa PO-410, a nova estrada novo vieiro do lugar do Gumil, que por certo, xa está recollido nas normas subsidiarias do ano 1997, pero, como di o refrán, máis vale tarde que nunca, pero xa está recollido, isto non é ningunha idea nova xa está recollido nesas normas que son as que están en vigor, por certo. Notamos tamén en falta unha previsión, unha planificación de investimentos sexa bianual, trianual, e aquí si que deberíamos participar todos os Grupos que formamos esta Corporación, que queremos de Salceda a medio e longo prazo? Iso é o que hai que traballar e non tapar buraquíños ou proxectiños, que si que están ben, pero hai que ser máis ambiciosos e ir a medio e longo prazo e aí temos que falar todos e sobre todo co Grupo maioritario desta Corporación.

Polo tanto o tema de investimentos ano tras ano traballamos á base de ocorrencias, nada se contempla do Plan Xeral, nada se recolle dun acceso ao CRA Raiña Aragonta, nada se fala de creación de chan industrial ou dun novo pavillón, de saneamento integral, sabemos que nun ano non se pode facer pero hai que planificalo, de todo o Concello o que falta e lembre que a parroquia de Soutelo, por poñer un exemplo, non ten ni un metro de saneamento, a día de hoxe non ten nin un metro; ou dun centro de día, etc. etc... Esas son grandes obras que habería que planificalas entre todos os Grupos, señora Alcaldesa, pero vostede parece que non o entende así.

Anexo de subvencións, temos o mesmo anexo de subvención que o do ano pasado, que xa ben do ano 2023, cunha pequena modificación, pequena non, para nós é unha gran modificación, como é minorar 3.000€ a subvención ao Caselas e 2.000€ ás Escolas deportivas



municipais, e lembremos que as Escolas deportivas municipais mobilizan aproximadamente 400 veciños/veciñas, na súa mellor parte nenos e nenas. Se discrimina a Asociación de veciños

Sobreira de Entenza, señor Xurxo vostede é veciño de Entenza, de verdade que non foi capaz de negociar coa Alcaldesa é arrincarlle unha partida aínda que sexa pequena, simbólica para a Asociación de veciños da súa parroquia. Señor Alejandro outro tanto do mesmo, vostede Concelleiro de área e non houbo forma de incorporar unha pequena partida tamén, lembre que as demais Asociacións de veciños do Concello si teñen unha consignación 400€, ínfima, pero teñen, a Sobreira debe ser que non e iso que vostedes son veciños.

Señor Salustiano, este é uns dos compromisos que vostede repetiu varias veces neste pleno que había tamén arrincado a señora Alcaldesa de igualar cultura con deporte, pois seguimos o mesmo que no ano 2025, exactamente o mesmo, outro compromiso que vostede arrincou que non se cumpre, xa levamos un par deles.

Estado da débeda, temos que pagar este ano, señor Alejandro me imaxino que o sabe, 122.500€ de préstamo, para o ano 2028 co plan de pago a provedores de 2 millóns de facturas que deixaron a vostedes sen pagar, que tiveron que formalizar 2 millóns, 100.000€ de facturas que deixaron sen pagar, pois vamos a pasar no ano de 2028 aproximadamente a pagar 475.000€, un 387% respecto ao que estamos pagando nos últimos anos, pois ben, isto que estou falando agora nada se fala neste documento, nada, non hai ningunha planificación, non hai ningunha previsión de como se vai a pagar isto, porque isto é moi grave, quen o vai a pagar? Que se senta no sillón da Alcaldía non o vai a pagar, o vamos a pagar todos, e como vamos a pagar esta cantidade toda que se nos ven encima? Vamos a ver quen o vai pagar, en vez de planificar esa débeda, pois no, tiramos para diante, e como di o refrán, o que veña atrás que arree, non é así. Non vamos a ter un orzamento de 6.000.000€ como acaba de dicir o Concelleiro de área, porque eses 6.000.000€ temos que minorar ou restarlle 1.770.000€, de momento, de facturas que deixaron sen pagar do ano 2025, e agora dirá o Concelleiro de área que estamos boiante na xestión económica, eu creo que isto é un desastre, por non dicir outra cousa, vamos dispor só de 4.230.000€.

Señores do BNG, señores do PSOE, señor Salustiano, señor Xurxo e señor Óscar, que non está presente, vostedes sigan a facer de muletas, non en un tono despectivo llo digo o de muletas, non é un plan despectivo ese non é o meu estilo, pero a Alcaldesa fai con vostedes o que ela quere, usa as muletas para o que ela quere, e vostedes, os veciños que vostedes representan e todos en xeral non se aproveitan de nada, están vostedes a disposición da señora Alcaldesa, polo tanto nós nesto non vamos participar, Alcaldesa, grazas polo tempo de cortesía.

Sendo as 20:55 minutos incorpórase á sesión o Sr. Lorenzo Rodríguez

**Sr. Gregorio Vaqueiro:** Escuso, unha vez máis á presenza do compañeiro Óscar que non estaba en condicións de acudir ao pleno.

Trátase dun documento de orzamentos no que se aplica o plan de axuste aprobado o 10 de marzo de 2023, cando se aplica un plan de axuste iso implica que o Concello naquel momento gastaba máis do que ingresaba, polo tanto, esíxese un control de gastos, unha



redución deles, un aumento de ingresos, si é posible, e iso evita que se poidan facer grandes proxectos ambiciosos, como dixo o compañeiro Joaquín, iso afecta a veciñanza ao que nos obriga a un control estrito dos gastos municipais, basicamente, entendo que o orzamento se reduce a controlar os ingresos e gastos de persoal e unha pequena serie de investimentos.

No caso dos investimentos os tres grupos, digamos a esquerda como se di a veces, negociamos oito puntos de investimento onde está o Estudo de Mobilidade da Feira, Barreiro e Picoña, que parece ser que o PP tamén o tiña no seu programa, por lo tanto, entendo que estamos todos de acordo. O Estudo de Seguridade no Alto da Brava, que máis ben é tanto do lado de San Xurxo como do lado de Parderrubias a arranxar esas rotondas que levan o vieiro cara ao Porriño, o que se falou do de Gumil, que parece ser que xa estaba nas normas subsidiarias do 97, tamén unha das cousas aprobadas, saneamento, elaboración do patio cuberto do Altamira, a proposta nosa realmente, a parte do patio cuberto, era o comedor, os restantes grupos dixéronnos que iso era cousa da Xunta, por lo tanto, reclamaremos iso tanto por unha moción unha vez máis neste pleno coma nos órganos pertinentes; praza de abastos, a elaboración do proxecto de Cámara Agraria, e o arranxo de camiños, faltou incluír o acceso desde Entenza á rotonda do Campo de fútbol, porque tras unha reunión co urbanista Xavier Rivas declarounos que era practicamente inviable ese tipo de enlace, solicitaremos en breve o estudio dalgún acceso novo desde Entenza ou a rotonda da Gándara ou a de rúa Vigo.

En canto ao comentado polo compañeiro Joaquín, unha das cousas que falamos, que hai obras a longo prazo que sería conveniente que fosen de consenso dos catro grupos aquí representados, unha planificación sexa bianual, sexa plurianual, máis de dous anos de varios orzamentos, no que desde este grupo nos gustaría que estiveramos representados todos, incluído o Partido Popular, por suposto, sexa polo tema do Plan Xeral, sexa polo novo pavillón. No caso da asociación da Sobreira de Entenza, recoñezo, Joaquín, que me meteche un gol porque no o vin, vamos a ser correctos, Asociación da que aparte son socio.

**Sr. Guerra García:** O BNG ten propostas neste proxecto de orzamentos que nos parecen positivas, desde ese lado temos que velo, aínda que podemos criticar que os orzamentos debían traerse dentro do ano anterior, aínda que si o comparamos co anterior orzamento despois de tres anos, indubidablemente hai un avance. Nós, en principio, vamos facilitar con unha abstención o orzamento porque hai cousas positivas, e o señor Núñez Troncoso que di que non quere participar en nada acaba de recoñecelo, podía ser máis claro a dicir que tal vez non ten propostas para traer de cara a enriquecer este debate, pero mire, nós o tema do saneamento nos sigue preocupando e creemos que o goberno está neste momento cumprindo cos acordos de dar preferencia nos investimentos ao saneamento e o que ademais achegamos nas conversas é a necesidade, que se está traballando niso, de identificar pequenos lugares que están quedando sen saneamento de cara a ir tapizando o territorio nese sentido.

O do viario alternativo ai no lugar do Gumil, efectivamente parece que están nas normas do 97 eu non as vin nas normas do 97, quero dicir, non vin as normas para traer esa proposta pero desde o 97 non sei porque a ninguén se lle ocorreu, vamos camiño de 30 anos e resulta que a ninguén se lle ocorreu, pero estaba aí, estaba no papel, son cousas destas que se lle damos un pouco á cabeza para pensar, pois ao mellor sáenos ideas para poñer enriba dunha



mesa e debater cando ademais, parece que, cando menos, parece que todos estamos de acordo que este viario pode ser unha alternativa ao acceso á zona escolar e a zona deportiva, e a parte de acceder a esa zona alí aliviaría o tránsito en determinados momentos no centro da aquí da Esfarrapada e, ao mesmo tempo, ese viario o que pode ser un lugar de dinamización a efectos de construción no futuro naquela zona do Gumil. Igual non lle parece interesante a proposta de que se arranxe ou se mellore o viario da Devesa-Pedracarballa pero resulta que é un camiño que está sendo usado por moita xente todos os días, hai aí un compromiso de mellorar ese camiño para beneficio das persoas que o están usando.

Levamos o tema desta creación de Comisión de Asuntos Estratéxicos, nós definímolos así pode ter calquera outro nome pero, en todo caso, quixemos con ese nome identificar o que pretendemos, e é que, efectivamente, creo que estamos todos de acordo en que hai proxectos que sobrepasan calquera mandato municipal de catro anos e eu creo que debemos darnos a ocasión de ter unha comisión onde poidamos debater asuntos nos que nos poñamos todos e todas de acordo con independencia de se o ano que ven hai eleccións ou se as eleccións son para dentro de 3 anos, eu creo que pode ser un lugar onde saquemos cousas en positivo todos os grupos e iso, en principio, o goberno local está disposto a asumir a creación desa comisión. Decía vostede que o de cultura que non se corrixiu, vostede sabe que as subvencións nominativas non se pode modificar polo plan de axuste, debía sabelo, pero o goberno municipal está comprometido, a partir da partida de cultura, a mellorar determinadas entidades dentro do apartado da cultura especificamente, non vamos aquí agora a dar nomes, de cara a que esa distancia de diñeiro que hai entre as subvencións ás entidades deportivas e as subvencións ás entidades culturais que se vexa reducida, hai un compromiso e vamos miralo, nós en principio non temos porque desconfiar cando o goberno está cumprindo, en principio, cos compromisos, e incluso no debate puidemos ter unha opinión sobre a remunicipalización de servizos, a preferencia da remunicipalización unha vez, efectivamente, que se vaian cubrindo as prazas que hai comprometidas para sacar, non nos prazos que vostede decía 2027-28 non sei onde vostede sacou 2027-28, os prazos eran o primeiro semestre do 2026 o trimestre 2027, hai pleno acordo en que servizos deben pasar a depender do persoal municipal en primeira instancia xa que, dende o noso punto de vista, non debía estar hoxe externalizados e que ademais acarrexan un custe extraordinario que sabemos, témolo falado aquí moitas veces témolo exposto aquí moitas veces, un custe de como mínimo un 30% entre IVE e ganancia empresarial das entidades, das empresas que están realizando eses servizos. En principio o goberno local deu un visto bo a estas propostas e nós de aí, que en principio, vamos a manter unha posición para facilitar orzamento.

Logo na segunda parte eu vou explicar por que aínda temos cousas que mellorar, desde o noso punto de vista, neste orzamento ou calquera que nos veña no futuro.

**Sra. Alcaldesa:** Eu si que quería corrixiu en unha cousa, Tano, ser facilitador, entendo que facilitar é permitir que os orzamentos saian adiante supoño que hoxe tería en conta que falta un Concelleiro do Partido Socialista e que unha abstención non é facilitadora.

**Sr. Rodríguez Canosa:** Respecto a Joaquín, creo que xa o coñecemos de sobra neste salón, a xente que está aquí tamén e os espectadores tamén, fala de que non é ambicioso o orzamento, etc... xa traía o discurso preparado da casa porque non me fixo caso ningún ao que falei eu, porque xa de principio dixen que estes son uns orzamentos realistas, nós non vimos aquí a facer contabilidade de ficción e inventarnos partidas, Joaquín, hai que ser serios



e hai que ser realistas e as partidas non se poden inflar así porque si coa excusa de ser ambiciosos, di vostede que en ensino, que en educación que gastamos moito, si, por sorte e desgracia gastamos moito, por sorte porque temos unha taxa natalidade excelente, somos o Concello de Galicia coa idade media mais baixa e estamos na obriga de apoiar o ensino público e apoiar os nosos cativos e cativas, pero é unha mágoa porque a Xunta de Galicia que é quen ten as competencias en ensino, é a que debería investir en Salceda e Caselas entón, o que nos está dicindo a nós igual llo debería dicir aos seus xefes que de vez en cando se lembre de Salceda dos máis de 1500 menores en idade escolar de Salceda e Caselas.

Respecto ás ofertas de emprego creo que xa tanto Salustiano como a Alcaldesa llo aclararon, única e simplemente aclararlle no que vostede dixo de que hai tres prazas vacantes de policía local, si, pero hai que remarcar que unha desas prazas é unha praza de segunda actividade, e que agora mesmo temos dúas prazas vacantes, porqué na anterior oferta de emprego só se incluí unha? porque a segunda praza é xusto dunha xubilación que ocorreu o 13 de xaneiro deste ano polo tanto non se poido incluír na oferta de emprego de 2025 pero si se incluír na oferta de emprego de 2026 e ademais, esas dúas prazas de policía local, que este mesmo ano o Concello xa terá, que xa foron comunicadas e solicitadas a Academia Galega de Seguridade.

E pouco máis que dicir ao final é un pouco o de sempre, o da débeda, xa sei pero é que vostede non fixo ningún traballo aquí de pesquisa, como ben lle dixen ven recollido no anexo de débeda a curto e longo prazo, total cota 2026: 122.465,52€, non é tan complexo como ler unha cifra e como ben lle dixen, é un documento obxectivo e as interpretacións que vostedes fai son interpretacións como a sempre sumidas na ficción.

Respecto do que comentaba das nominativas, un pouco o que dixeron aos meus compañeiros, as nominativas non se poden modificar, xa o ano pasado se axustaron ao máximo para poder facer un pouco mais de xustiza con estes colectivos e si que temos en conta a Sobreira, evidentemente, moitas veces a colaboración non é solo unha subvención directa e nominativa, senón que a colaboración con distintos colectivos das parroquias se poden facer de moitos outras formas, e como creo que está sendo moi interesante a colaboración coa recén creada Asociación veciñal A Sobreira.

Respecto aos grupos do PSOE e do BNG a verdade é que é de agradecer as aportacións en positivo que se fixeron durante o período de negociación, cando as aportacións son sensatas, son serias e van acorde coa idea tamén e coas liñas estratéxicas do goberno sempre son benvidas e se incorporan o orzamento. Simplemente tamén, por último, aclarar que Joaquín como sempre terxiversa a situación, que cultura, que non sei que que, non se achega a deporte, que non se non se iguala o gasto porque como ben sabe por exemplo, nestas partidas inclúe, por exemplo, mantemento de edificios a iluminación, a limpeza e, evidentemente, por sorte as infraestruturas dedicadas a deporte son moitas máis que as dedicadas a cultura, pero si que no que son as actividades e, por exemplo, nos programa 33 nas áreas, nas partidas económicas 22610 e 22799 hai un aumento, nunha delas que no anterior orzamento estaba dotada de 85.000 euros pasa a estar dotada con 100.000€ e noutra que antes estaba dotada en 5.561 pasase a dotar con 10.000€. Oxalá fósemos máis ambiciosos e puidésemos dotar esta partida pasala de 85.000 e pasala a 200.000€, Joaquín, oxalá, pero evidentemente sen aumentar ingresos, sen aumentar impostos, temos que ser



realistas e facer unhas contas realistas para Salceda e non unhas contas para o Concello que vostedes gobernen que non sei como se chama pero que Salceda non.

**Sr. Núñez Troncoso:** Estaríamos bos si lle tiveramos que facer caso vostedes, señor Alejandro. O da Policía Local é patético, é que vostedes non sabían que se xubilaba o día 13 de xaneiro non tiñan previsto iso, entón un persoal funcionariado chega a 13 de xaneiro e “a dios muy buenas” non se sabe con antelación? señor Alejandro, hai que contar con iso, hai que telo planificado, explíqueo vostede que é o responsable de persoal, a oferta de emprego público cando saíu ao do 2025? nós non a vimos publicada en ningún lado, e sigo insistindo, cando saíu publicada? Díganolo. As subvencións nominativas non se poden modificar, señor Salustiano, señor Alejandro, e ao Caselas si a minoramos e as Escuelas Deportivas si as minoramos, esas si se poden modificar, explíquenolos vostedes, explíquenolo, non o entendemos. O da débeda, claro que o que o dixemos, se non me oíu ben, din que no ano 2026 había que pagar por la débeda polos préstamos 122.500€, pero é que no ano 2028 pasamos a pagar 475.000, pois a iso hai que buscarlle unha solución. De competencias de educación di vostede da Xunta, non sei si vostede mirou desglosado toda área 32 todo desglosado o que corresponde, isto non é competencia da Xunta todo o desglose da área 32, así que é moi fácil competencia da Xunta balón fora, e as competencias que ten o Concello en educación as ten vostede desglosadas aquí vostede mesmo.

Señor Salustiano vostede rexeitou os orzamentos alá o 3 de xullo, entre outros motivos, porque non se recollía o tema da revisión catastral, unhas das condicións que vostedes fixeran no famoso documento de investidura, e nos dixo naquela que habían falado que a empresa que levaban os traballos do Catastro, empresa externa, que habían falado que estaban traballando no tema, pero mire, e non sei se estaba vostede presente cando falaron coa empresa ou llo transmitiu a Alcaldesa, pero o certo é que a empresa externa no tema da revisión catastral non pinta nada de nada, esa é competencia da Dirección Xeral do Catastro ou ben a instancia do Concello, nin máis ni menos, a empresa externa ou lle contaron esa bola.

Igualar cultura con deporte, volvemos a dicir que segue cumprirse, limitación do gasto de publicidade propaganda, o dixemos antes, se vai a incrementar un 32%, externalización dos servizos se está incrementando cada vez máis, é penoso que cando un traballador deste Concello colle unha baixa que se teña que chamar a unha empresa para substituír esa baixa en vez de tirar dunha bolsa de emprego e vostede sabe perfectamente que iso é mais custe, o sabe pero, os segue apoiando tamén. Convocatoria das prazas, non coincido co que a vostede lle contaron, vostede dixo que estaba en marcha a de técnico e a de conserxe a Alcaldesa dixo que lanzou a de conserxe no ano de 2025 pero onde están? é que non nos vemos, onde están? non sei a quen pretenden vostedes enganar, onde está esa oferta? é que non está por ningún lado. Eu non sei se vostede ao final se fía da señora Alcaldesa ou non, eu creo que interiormente non vai pero claro, como acaba de dicir o Xurxo os de esquerdas, os de esquerda dálle medo pois por darnos a razón en certas cousas, está coa historia esa de esquerdas, de esquerdas entón parece que lle dá medo recoñecer certas cousas.

Partido Socialista me dicían vostedes en agosto de 2025 que había tamén arrincado da Alcaldesa o enlace San Xurxo coa vía rápida, o que levan aquí é un proxectiño que pon “Estudio mellora seguridade Alto da Brava”, eu creo que non estamos a falar do mesmo,



espero que mo aclare. Falaban tamén vostedes dun plan de execución integral do saneamento de todo o Concello, onde está ese plan? Outra cuestión que tiñan negociado, antes de finalizar o ano 2025 dicían vostedes, un mapa de medidas estruturais e económicas para o Concello, rematou o ano 2025 aparte de que non sabemos o que é iso, aparte que non sabemos o que é iso, onde está ese plan?.

Sra. Alcaldesa vostede cando di, como dixo no pleno este de agosto do 2025, dixo que nos mentimos por dicir que seguimos a ter un nivel de privatización de servizos neste Consello nunca visto, iso non é mentir señora Alcaldesa, ese é un feito, ese é unha realidade e o sabe vostede, o sabemos todos como estábamos aquí, e o saben todos os veciños, o nivel de privatización o máis alto xamais visto Alcaldesa.

**Sr. Gregorio Vaqueiro:** Como falamos, trátase dun orzamento ao que hai que aplicar o plan de axuste por iso non ten excesivas florituras e si, evidentemente, eses oito puntos de inversión non son grandes obras a realizar, son cousas que entendo que se poden facer e por alusións, o tema do Alto da Brava, enlace San Xurxo, foi falado cun urbanista, entendo que é basicamente o que nós solicitamos, o de saneamento, algo se vai avanzando, non todo o rápido que se quixera e o tema das medidas económicas estruturais iso leva algo máis de tempo.

Gostaría-me que independentemente do que salga da votación deste pleno o tema de que os catro grupos, de maneira construtiva, quedemos de vez en cando para planificar obras de xeito plurianual sen estar botándonos picadas constantemente creo que sería de agradecer por todos os veciños de Salceda.

**Sra. Alcaldesa:** Xurxo, a min encantaríame, eu tan pronto o propuxo e o deixou Tano sobre a mesa, dicía exactamente: creación dunha comisión específica para proxectos estratéxicos para Salceda que so gardan o tempo do mandato municipal, e estivemos de acordo, os membros do goberno e a oposición de esquerdas formada polo PSOE e o BNG. Eu teño que recordarvos unha cousa, o Partido Popular rompeu relacións coa Alcaldesa non sei se vai querer verme nunha comisión deste tipo, dixo nesta sesión plenaria, ademais de presentar unha moción de confianza, rompeu publicamente as relacións coa Alcaldesa non sei se está disposto a retomalas, si está disposto a retomalas esta Alcaldesa e o seu equipo estarán encantados de formar esa comisión.

**Sr. Guerra García:** Antes de falar dos defectos que lle vemos a este orzamento, que os ten desde o noso punto de vista, eu quería lembrarlle o señor Núñez Troncoso que o proxecto este do Alto da Brava e o proxecto do patio cuberto do colexio son cousas que debía atender unha administración que lle chaman a Xunta de Galicia, sabe? E non o fai.

Nós non podemos votar a favor por unha simple cuestión de números en canto ao gasto, nós somos críticos, fómolo e seguímolo sendo. Mire, dos 6.021.000€ que hai de proposta do orzamento o capítulo 1 se leva 2.316.000€, o capítulo 1 é inapelablem, é o gasto de persoal do Concello, quédannos para o resto dos gastos 3.704.000 excluído ese capítulo 1, eses 3.704.000 vai incluído todo o que gasta este Consello durante todo ano en todas as cousas, outra cousa que gaste máis, en principio é a previsión, quere dicir o SAF, a electricidade, obras, todo o que gasta este Concello que non sexa de persoal está nese volume de



3.704.000. A nós non se nos pasaron os números para discutir esta parte do orzamento e dixemos claramente que mentres non tiñamos a proposta completa de orzamentos non íamos dar opinión definitiva sobre o tema, temos de investimentos 105.200€ pero é que en festas, publicidade e protocolo suman 202.800€, quere dicir, por cada 100€ que se fai de investimentos con fondos propios hai unha previsión de gastar máis de 192€ en festas publicidade e protocolo, nós non estamos de acordo con isto, pero é que ademais desa partida temos outros gastos ou subministros partidas indefinidas ó longo do orzamento que suman 158.000€ máis onde poden caber moitas cousas, porque non están definidos eses gastos. A partida de festas que son 111.000€ de festas publicidade e protocolo e o 5,48% do que queda do orzamento ou sexa, de cada 100 euros 5 euros e medio van para festas, protocolo e propaganda e se sumamos a iso as partidas que nós consideramos escuras, como outros gastos ou subministros, temos un 9,75% ,sabe o que quer dicir, señora Presidenta? Que de cada 100 euros case dez non teñen control de ningún tipo, entón nós non podemos darlle un si a estes orzamentos precisamente porque estas cantidades, aparte de parecemos totalmente fora de lugar nun Concello cunha situación económica como o noso incluso cuestionaríamos nun Concello cunha situación económica tranquila, mais no noso caso, non foron discutidas con nós e deixamos claro cando lle demos por escrito as nosas propostas de que mentres non tiveramos os orzamentos completos nós non íamos dar unha opinión sobre os mesmos. Parécenos positivo como se recolleron as nosas propostas ao mesmo tempo as propostas que se fixeron na mesa por parte de vostedes e do Partido Socialista tamén nos pareceron correctas, pero non podemos nós avalar co noso voto e que se gasten case 10€ en de modo escuro por cada 100 que gaste este Concello, nós non estamos nesa situación, non podemos admitila. Mire, no ano 2024 en protocolo e propaganda gastáronse 79.290€, das partidas que nos localizamos que se nos pode escapar, no 2025 foron 92.000€ e vólvense a por nos orzamentos case outros 92.000€ nós creemos que hai partidas que acotar, hai gastos que recortar e non vemos de momento vontade ou cando menos que se entenda o que nos pretendemos dicir .

**Sr. Rodríguez Canosa:** Aclarar que non me gusta que Joaquín lance cosas e queden no aire que non teñen sentido, di que se non sabíamos que se ía a xubilar, loxicamente se xubilou unha persoa este ano o 13 de xaneiro, ata que esa persoa non se xubile non está esa praza vacante e polo tanto non se pode incluír na oferta de emprego público, unha vez que se xubila esa praza pasa a estar vacante e polo tanto xa se poden iniciar os traballos para volver a dotar esa praza de persoal, e insisto xa se enviou a solicitude a Academia Galega de Seguridade para dotar de dúas prazas, dúas persoas, dúas policía locais para Salceda, é curioso que ao final o que só lle interesa o que lle interesa, só lle interesa a policía local porque o social está claro que ao Partido Popular non lle interesa, porque é curioso que da praza da logopeda que se xubilou o ano pasado nin sequera faga preguntas, nin pregunte como está o proceso nin nada, típico do PP e que ven en consonancia da Xunta, o social pouco lle interesa ata que todos os Concello, incluídos os Concellos do PP, o apretan e fan unha subida mínima da súa aportación ao servizo de axuda ao fogar. Di vostede que non se está tirando de bolsas de emprego, agora na actualidade, e creo que llo dixemos xa moitísimas veces, hai tres persoas que están traballando neste Concello con bolsas de emprego, dúas mulleres operarias e unha muller administrativa, esas persoas supoño que tampouco existen para vostede.

Tamén fala do enlace PO-510, o Concello claro que encargou un estudio porque como ben



sabe a PO-510 é unha estrada autonómica, dependente unha vez máis dos seus xefes da Xunta de Galicia e os enlaces dependen da Xunta de Galicia, oxalá a Xunta nos faga caso con esta proposta como nos debería facer caso, algún día, esperemos, cos enlaces da PO-510 con Parderrubias e o enlace con Entenza para facilitar ese traslado e que a xente non teña que pasar pola recén humanizada zona das piscinas municipais. Repetir unha vez máis neste pleno que o estudio do saneamento global do Concello de Salceda xa se está realizando por medio dunha subvención do PERTE do Consorcio de Augas do Louro e en breve traeremos xa redactados todos os proxectos de saneamento que restan de Salceda. Respecto das partidas de protocolo e propaganda que se ven falando dende distintos grupos, como ben saben e como ven na liquidación dos orzamentos e noutros moitos documentos aí están incluídas, entre outras cousas, as becas a deportistas, as recepcións que se fan no Concello, e si está incluída unha partida para pagar un servizo de prensa e un servizo de redes sociais 18.000€, igual lles parece mellor facer como outros concellos do PP ou doutros grupos e contratamos a unha persoa que nos vale 50.000€, a parte nos Concellos do PP soen ser persoas afíns ao PP e si lles parece ao mellor é mellor facer iso, nós creemos que é bo e moito máis barato facer desta forma porque ao final todos os Concellos utilizamos isto e é unha forma de transparencia, un forma de amosar a veciñanza o que facemos e unha forma de facer publico e con transparencia o que fai o goberno día a día.

Una mágoa este cambio de rumbo no BNG, a verdade e que todo foi en positivo ata o de agora e me estraña esta última intervención compañeiro Salustiano como ben dixo a Alcaldesa facilitar é votar a favor e non absterse.

**Sr. Núñez Troncoso:** Prazas vacantes da policía local hai tres, vostede cínquese á persoa que xubilou fai uns días pero xa había vacantes, xa se puideron prever ante,s non é esa praza que se xubilou agora. Proceso do logopeda, si que sabemos pero a oferta non saíu, se vai a cubrir cunha interinidade pero a oferta para cubrir esa praza en propiedade non saíu, dígame cando saíu convocada a oferta esa. Bolsa de emprego, vostede me está dicindo que non se colleu persoal de empresas externas para cubrir baixas, me está dicindo que no,? e becas deportistas que están dentro da partida de publicidade, propaganda e protocolo, nós xa fai tempo que plantexamos elaborar unha ordenanza para regular este tipo de axudas aos deportistas como teñen moitos Concellos gobernados polo PP, polo PSOE ou polo BNG, ordenanza para regular as axudas aos deportistas, que son patéticas as axudas que lle dan vostedes, nalgúns casos patéticas as axudas que lle dan, prefiren gastalo en autobombo e non en un darllo aos deportistas, sobre todo deportes minoritarios, é patético.

Señor Xurxo dicía vostede o mapa de medidas estruturais dixeron que tiña que estar feito a finais do ano 2025, xa pasou un mes e aínda non sabemos nada diso, e do enlace ao PO- 510, xa digo, creo que o que vostedes propoñen creo que é distinto ao que propón a Alcaldesa no anexo de investimento, creo que é distinto.

Señor Salustiano, polo que acaba de dicir vostede eu creo que a abstención se queda corta, todos escoitaron perfectamente o que dixo, si vostede aínda así se vai a abster creo que se queda moi corto, aquí algo pasa, a coherencia me parece que falla un pouco.

Se hai servizos, falaba do enlace, falaba, creo que de cubrir a pista que é competencia da Xunta, pero aí é onde está a xestión da Alcaldesa e coller C5 e ir a onde hai que ir, iso é a



función da Alcaldesa, ou é que calquera administración chámese Xunta, chámese competencias a nivel estatal, que en tódolos Concellos están cubertos ao 100%, pois aí o goberno de turno é onde ten que traballar niso senón de que vale ter alcaldesas ou alcaldes se non fan o que teñen que facer.

Quedoume atrás, señor Xurxo, dicía a vostede que na Asociación de veciños lle metemos un gol, non, nós non lle metemos ningún gol quen llo meteu foi a Alcaldesa.

O que está claro e evidente, que o señor Salustiano os apoia aínda que os critique como criticou fai un rato, ten claro tamén como o temos nós que a situación económica non é boiante, nin para tirar cohetes nin nada polo estilo. É incido a ver como se vai a facer fronte a partir do ano 2028 a esos aproximadamente 475.000€ que hai que devolver dos préstamos.

**Sra. Alcaldesa:** A verdade que teñen bastantes cousas en común Joaquín e Tano, neste pleno polo menos, a Joaquín preocúpanlle especialmente dúas cousas, o persoal e Salustiano, polo que se ve, polo menos é ao que máis tempo lle dedicou, incluso non valorou o traballo técnico de elaboración dun documento como supón un orzamento, di que é un copia e pega unha vez máis non valora ou, si o fai de algunhas persoas que traballan no Concello, pero de outras non, curiosamente. E xa o dixo o compañeiro Álex, si a Xunta investise en educación como tiña que facelo, non polo goberno nin dependendo da cor do goberno senón por rigorosidade, seriedade e compromiso coa veciñanza, nós facemos xestión, non vamos a mendigar, facemos xestión de feito, a maior inversión de saneamento neste Concello foi precisamente grazas á xestión deste Concello obtendo fondos da Xunta de Galicia, da Confederación Hidrográfica, do Consorcio do Louro, de todas as cores políticas, iso é xestionar o que non está facendo a Xunta é gobernar con dignidade, tratar igual aos veciños, independentemente da súa cor política, pero bueno, a vostedes isto lles dá igual, porque van vendendo por aí que si a Xunta é da nosa cor nós vamos a ter as portas abertas, haberá quen lle cole e haberá quen valore máis a xestión e o traballo como ven sendo durante todos estes anos de goberno de esquerdas.

É curioso, dicía antes a Salustiano de persoal, indemnización dos traballadores, vostedes teñen acceso ao rexistro, pidan as solicitudes e máis non sei se a veciñanza o sabe, pero Joaquín levou este tema da contía das indemnizacións á Valedora do Pobo, o seu compañeiro Santi vai por desaparecer dunha fotografía, segundo el e Joaquín vai porque non ten a contía da indemnización dos traballadores, o goberno e os colectivos van porque teñen a necesidade de mellorar o transporte en Salceda, pero eles dedícanse a molestar a Valedora con cousas deste tipo, é bo que tamén a veciñanza o saiba. Tanto o PP como o BNG, que xa digo que hoxe teñen moitas cousas en común, din que hai que reducir a partida de protocolo pero nunca teñan a valentía de traer a esta sesión plenaria unha proposta, porque eu quero saber a que medios de comunicación lle queren reducir a partida, ou a que deportistas lle queren reducir a partida desta publicidade e propaganda, traian unha proposta seria, a mesa de negociación tampouco a trouxo, negociarémola e falarémola, o Partido Popular non ten esa valentía, porque despois é o primeiro en investir cando ocupa o goberno en publicidade e propaganda e non precisamente para comunicar, para ser transparentes, para que a veciñanza coñeza traballo que se realiza dentro do Concello, para promocionar os nosos deportistas e as nosas deportista, no son para outras cousas como financiar algún que outro



reportaxe por aí que mellor que non saque nesta sesión plenaria. Traian propostas sobre o protocolo e se estudarán, ou senón díganos directamente, teñan a osadía de dicilo aquí nesta sesión plenaria. Dicía que teñen moitas cousas en común, traían proposta de protocolo e se estudarán e digan aquí directamente, non xeralicen e que non vale chegar aquí e dicir 10€ de modo escuro por cada 100€, pero vamos haber, que é isto? Que anuncio é este? Eu non entendo isto, eu creo que hai que ser rigorosos cando se traen os temas a unha sesión plenaria, que un vieiro municipal como o de Gumil apareza n unhas normas subsidiarias non quere dicir que se poida executar mañá, ou é que vostedes non saben de planificación ni un mínimo? se abren as rúas que están planificadas pero non unha estrada nova, creo que hai que estudar un pouco máis os temas e senón pomos os técnicos á súa disposición para que os consulten, eu creo que é importante, non é que sexa intelixente so que teño virtude de preguntar, de rodearme de xente máis intelixente que eu.

Eu tiña claro que o Partido Popular ía a votar en contra porque apesares de estar de acordo cos investimentos a realizar, cos investimentos da terceira fase da Praza de Abastos, do estudio de mobilidade de Feira e Barreiro que parece ser que todo o propuxeron eles, o estudio de mellora de seguridade da Alta de A Brava, a elaboración do proxecto de cuberta da Altamira, o peche interior do Centro Social, todo o capítulo de inversión, están de acordo con todo, todo lles parece estupendo pero votan en contra, e o curioso, o me sorprende do PP pero a verdade é que máis me sorprende do BNG que non faga nin sequera alusión o aumento da porcentaxe de investimento no eido social que para min é fundamental. Non é solo fundamental que por primeira vez se traía un documento como é un orzamento no primeiro mes do ano, a Joaquín nunca lle vale, para el e sempre tarde, da igual fagamos o que fagamos nada lle vai valer, pero que vos pareza tarde, eu creo que si que isto hai que destacalo ao igual que a inversión no eido social, para min, iso é fundamental, ademais, a capacidade de inversión e dígovos unha cousa, se non aparece máis inversión, evidentemente, é porque tampouco subimos impostos e todas as obras que se están realizando a maior inversión en saneamento da historia deste Concello e sen subir impostos, Joaquín, non sabía iso tampouco, verdade. Eu, de verdade, non sei que cal é súa idea de gobernar, Santi, pero gobernar é xestionar e sobre todo é moi curioso, a falta de coherencia, por unha banda di que todas as inversións son sin un euro do Concello e, por outra, Joaquín di que hai que ir á Xunta porque aquí non chega nada, haber aclárense chegan, non chegan, se xestiona, non se xestiona, non acaban de mostrar coherencia ningunha, cando son investimentos propios do Concello, obtemos a colaboración da Xunta, cando son competencias da Xunta, como, por exemplo, o enlace da PO510 coa 411, que anunciaran daquela baixando a Lagüela co Conselleiro, esas que son competencias súa nin caso.

En definitiva, eu creo que debemos estar contentos por traer neste tempo, neste prazo, co traballo de todos os técnicos e técnicas municipais este documento tan importante para o Concello, mágoa o xiro do BNG que non se entende, porque, ademais, na reunión non manifestou para nada este posicionamento, cumpríronselle as peticións que traía rigorosamente e escrupulosamente por escrito, non é nada de xeito oral, se ve que a UPG segue anclada na barricada e o non no BNG e xa está. Tivo dende o primeiro minuto as contas, pero claro, hai que traballalas, dedicarlle tempo e estudalas, e logo, no capítulo festas, volvo a dicir o mesmo que publicidade e propaganda, o Partido Popular di que son poucas festas, o BNG di que son demasiadas, propoñan, fagan propostas, vostedes tamén teñen responsabilidade na Corporación municipal, non se veñen a cobrar plenos nin



comisión sin facer nada, teñen unha obriga que realizar.

Un aumento do gasto social no 32%, chegando ao 32%, unhas inversións necesarias para o noso Concello, e os cumprimentos do diálogo mantido co PSOE e co BNG reflectidos neste orzamento, agradecerlle ao PSOE a súa lealdade e, sobre todo, seriedade, porque o que se dixo na comisión se recolle e cumpre, non así, sinto moito, neste caso o BNG.

Paso a dar lectura a proposta de acordo seguinte:

*“Formado o Orzamento Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2026, así como, as súas Bases de Execución e o cadro de persoal comprensivo de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.*

*Visto o Informe de Secretaría núm. 2026-0005 de data 21 de xaneiro de 2026 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.*

*Visto e coñecido o contido do informe da Interventora municipal núm. 2026-0005 de data 21 de xaneiro de 2026.*

*Visto o Informe de Intervención municipal núm. 2026-0006 de data 21 de xaneiro de 2026 de regras fiscais.*

*Vista a competencia plenaria para a aprobación do orzamento municipal, segundo o exposto no artigo 22.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*

**PROPOÑO** ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral deste Concello, para o exercicio económico 2026, xunto coas súas Bases de execución, Anexos de débeda e investimentos, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

<b>ORZAMENTO SALCEDA DE CASELAS EXERCICIO 2026</b>			
<b>CAPITULOS GASTO</b>		<b>CAPÍTULOS INGRESO</b>	
1.- Gastos de persoal	2.316.658,52	1.-Impostos directos	1.863.652,08
2.- Gastos en bens e servizos	3.283.429,07	2.-Impostos indirectos	58.705,20
3.- Gastos financeiros	83.819,08	3.-Taxas e outros ingresos	674.163,87
4.- Transferencias correntes	188.050,84	4.-Transferencias correntes	3.424.707,17
5.- Fondo de continxencia	0,00	5.-Ingresos patrimoniais	-
6.- Inversións reais	109.784,62	6.-Enaxenación de inversións reais	-
7.- Transferencias de capital	0,00	7.-Transferencias de capital	0,00
8.- Activos financeiros	0,00	8.-Activos financeiros	-



9.- Pasivos financeiros	39.486,20	9.-Pasivos financeiros	-
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>6.021.228,33</b>	<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>6.021.228,33</b>

**SEGUNDO.** Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

**TERCEIRO.** Expor ao público o Orzamento Xeral, as Bases de Execución e plantel de persoal aprobados, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

**CUARTO.** Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.”

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta esta resulta **REXEITADA** por **CINCO VOTOS** a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e do PSdeG-PSOE(1), **SEIS VOTOS** en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PP (6), e **UNHA ABSTENCIÓN** do Concelleiro do Grupo Municipal BNG (1).

<b>Expediente 801/2025. Aprobación de proxecto de obra denominado “Roteiro enogastronómico en Salceda de Caselas .</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 6, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

**Sr. Troncoso Estévez:** Neste punto da orde do día, traemos a aprobación o proxecto de obra denominado “Roteiro enogastronómico en Salceda de Caselas”. O 28 de marzo do pasado ano 2025, o Concello de Salceda asinou un convenio co GDR Terra-Auga para a creación desta ruta enogastronómica en Salceda de Caselas. Dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, ese plan de rescate digamos na crise do COVID que mobilizou tantos e tantos millóns de euros para reestruturar o sistema da Unión Europea, de aí hai unha partida que é a compoñente 14 do investimento 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que vai destinado para mellora e a transformación do sector turístico baseado en mellorar a sostenibilidade turística. Para a Comunidade autónoma de Galicia destináronse case 32 millóns dos cales, o GDR, que é esa asociación de desenvolvemento rural que está composta polos 10 Concellos da Comarca, o GDR presentou un proxecto que se denomina o PSTD que é o Plan de Sustentabilidade Turística en Destino, que o seu nome é Condado Paradanta Destino Enogastronómico seguindo esa estratexia que se está levando a cabo dende o GDR de potenciar o turismo na contorna seguindo esta liña da nosa riqueza enogastronómica, ese proxecto acadou un millón e medio destes 32 millóns destinados a Galicia e a parte que nos corresponde ao noso Concello proporcionalmente son 150.000€. O 28 de marzo, como dicíamos, asinouse ese convenio que en un primeiro momento reflexaba 95.000€ pero houbo unha ampliación de partida, porque se caeron outros proxectos e se puido aumentar a partida para Salceda a 150.000€.



Este proxecto é a creación dun itinerario P1.000 para conectar algúns dos principais elementos do patrimonio vinícola e gastronómico do municipio. O roteiro enlaza adegas, restauración, produtores agroalimentarios e puntos de interese turístico, cultural e tradicional do noso Concello. Ven sendo un roteiro circular de case 4 quilómetros de distancia e combina treitos tanto urbanos como camiños tradicionais incluso tamén partes da senda da contorna do río Caselas. É un roteiro que se estima en dúas horas que se poida realizar con tranquilidade e no que se vai visitando ata dez puntos de interese turístico, cada un deses puntos ten un panel interpretativo, no que hai uns máis pequenos e outros máis grandes sobre todo porque na parte do casco urbano, pois queremos que haxa o menos impacto visual posible, pero na zona de entorno rural si que podemos ter uns paneis máis grandes e mostrar un pouquiño máis esas características que temos fora o que podemos mostrar fora da contorna, como poden ser os pazos como o Matadoio o pazo de Pegullal, a paisaxe o mosaico agrario, eses puntos que nos queremos destacar. Tamén está, obviamente, sinalizado este itinerario son balizas direccionais, no casco urbano utilizamos unhas balizas que se mimetizan máis co mobiliario urbano con lousas no chan e no entorno rural son unhas típicas balizas verticais que tentamos que sexan de material reciclado. O roteiro é un roteiro, como dicía, circular, parte do antigo matadoio porque digamos que é un punto estratéxico, un punto singular dentro de desta potenciación, queremos potenciar a nosa festa tradicional, a nosa festa gastronómica que son a festa dos callos pero tamén os nosos viños, os viños da contorna e antigo o matadoio é un emprazamento que tivo historicamente a súa importancia no mundo gandeiro e queremos tamén ensalzar a figura dos carniceiros. Tamén ubicamos este punto como zona de partida pola accesibilidade pois cerca temos varios aparcadoiros disuasorios; continúa ata o centro da Vila, creemos que a zona da Praza de Abastos é un lugar que debería pasar porque é onde se fomenta un pouquiño este comercio local, comercio interior, queremos que se consuma en local, en produtos de quilómetro cero e aí varios dos nosos carniceiros teñen a súa actividade, e tamén polo centro da Vila. Logo o itinerario camiña cara a Senda do Caselas en dirección ás pontes para subir ata O Pazo de Pegullal, creemos que tamén é outros dos espazos a destacar pola súa produción agraria, tradicionalmente tanto de kiwis como neste momento de viñedos e continuamos para zona do Pote, no espazo de Rubás, é unha zona tamén tradicional da elaboración de augardente polos veciños da zona e xa retornamos cara o centro da Vila polo camiño que vai dar a Escola de Música, para finalizar o itinerario na Praza do Concello, é o que queremos un pouquiño é que as persoas que veñan a realizar este itinerario que paren no centro da Vila, que fagan vida, que consuman no comercio local e que poidan consumir na hostaleira o produto, neste caso, que queremos potenciar que son os callos. A idea é que a hostaleira de Salceda se adhira a esta estratexia, unha iniciativa que nos lle poñemos o logo de callos e viño en ruta. Queremos e manteremos reunións coa hostaleira e co comercio local para potenciar esta marca e que os callos de Salceda a xente que veña a visitarnos poida degustalos en calquera día do ano.

Cales son os obxectivos que se buscan con este proxecto? Como dicíamos vai enmarcado nesta estratexia que se está levando dentro o GDR e que vimos precisamente de presentar en FITUR, a feira máis importante de turismo de España, que é a nosa comarca Condado Paradanta-Salceda como destino enogastronómico, temos moitísimos produtos de moita calidade, o xamón na Cañiza, a lamprea en Arbo, o requeixo nas Neves, os callos de Salceda, os viños de Salvaterra, de Arbo, as rosquillas de Pontearreas, a posta que está facendo



dentro do GDR é moi potente neste eido e creemos que por aí podemos gañar moitísimo potencial turístico na contorna, os obxectivos son eses, unha posta en valor dos nosos produtos locais máis populares coma os callos e o viño e as tradicións arraigadas entono a eles e dignificar as profesións do carniceiro, de produtores gandeiros e os produtores de viño, dinamizar a economía local e promover o consumo de produtos de quilómetro cero, preservar e divulgar o patrimonio cultural e culinario do Concello, impulsar un turismo sustentable e de calidade, con prácticas responsables, hábitos saudables e atraendo a visitantes interesados en experiencias auténticas e enriquecedoras, e como non, o obxectivo tamén é seguir sumando iniciativas arredor da festa dos callos e que sigan sumando para ver si algunha vez conseguimos que se declare como festa de interese turístico que é polo que vimos loitando nos últimos anos.

**Sr. Rodríguez Davila:** Quero tamén trasladarlle un saúdo de ánimo e de pronta recuperación ao compañeiro Óscar. Lamentablemente a señora Castañeira segue presidindo este pleno lamentablemente volveu a dicir unha auténtica barbaridade fai uns minutos respecto da eliminación da miña persoa unha foto oficial.

En canto a este punto, sería importante saber que criterios se ampararon ou que criterios utilizaron para decidir este roteiro, é dicir, o inicio, por onde pasa, a que establecementos se vai a pasar por diante da porta, cales non, porque se deixan a uns fora e a outros non, porque non están todas as adegas no mesmo, porque se tomou a decisión do inicio nese lugar, que por suposto o entorno é ben bonito vinculado loxicamente no pasado, pois como se dixo, na palabra alimentación que engloba todo o que significa e por suposto a unha noble profesión que no seu tempo alí se facía a matanza dos animais, pero que nós saibamos a día de hoxe alí non hai nada que teña que ver con elo, salvo que se nos diga o contrario, nin existe unha bodega, nin hai un lugar de tapeo, nin hai un local de hostaleira e polo tanto se nos dixo na Comisión que había que cingirse aos quilómetros que están nas bases, estaría ben ver iso porque non o encontramos, salvo que non o vexamos e se é así pois hai ese tramo inicial que se podería suprimir e aproveitalo para levar ese roteiro por diante dos diferentes locais na Esfarrapada que si a día de hoxe están activos e teñen esa vertente de atención, non só aos seus clientes, senón tamén de promoción dos produtos que alí vende e que alí, nesas locais, se consume.

Eu non sei si nesta ocasión tiveron en conta ou si chamaron aos grupos que a fixeron Alcaldesa neste caso, BNG e PSOE, se contaron con vostedes, porque eu creo que para unhas cousas si e outras non, non o digo eu, ao feitos me remito e as probas están aí para testificar como unha vez máis politicamente o seguen utilizando, pero non seremos nós, serán vostedes que unha vez máis o permitan e o vemos no día de hoxe, na sesión no punto anterior e o estamos vendo, desgraciadamente, para a desgracia dos veciños, reiteradamente en cousas importantes. Como ben dicía no mandato anterior o compañeiro Tivo, hoy te quiero mañana no te quiero, e así nos vai lamentablemente. O certo e verdade é que dezaioito anos despois, as cousas importantes, transcendentais, seguen sen resolverse e quero recordarlles que vostedes teñen a maioría neste pleno, vostedes son e foron os que elixiron ao Alcalde e as Alcaldesas que tivo Salceda nos últimos dezaioito anos, e, polo tanto, vostedes son o responsables e non aqueles que nos pretenden agora sumar ou meter no mesmo saco, os que son, pois como digo, responsables da situación actual para ben e para mal, para ben, en moitas delas, apoiado con o noso voto e para mal, pois loxicamente, por



non facer a xestión e os deberes en cousas importantes para o noso Concello.

Dixo vostede, señor Salustiano fai un intre, que o goberno cara a vostede estaba cumprindo, pois ben, creo que neste programa ou neste roteiro como se dixo na comisión vai un logotipo onde aparece o anagrama que representa ao Goberno que apoio a este goberno e aos anteriores e vostede pediu a eliminación nunha moción que aprobamos unanimemente no ano 2023 e que a día de hoxe segue en vigor e, como dixen antes, politicamente, os ningunean, a nós non, a vostedes si porque foron quen a fixeron Alcaldesa, e é curioso que, como dixo o compañeiro Joaquín nesa Comisión, na parte positiva si que aparece o logotipo da señora Castiñeira representando ao goberno e, sen embargo, na parte negativa do mesmo non, aí non aparece e non vai a ser que vinculemos á parte negra, á parte mala desa ruta, co goberno minoritario da señora Castiñeira, polo tanto, como dixen antes, para unhas cousas si interesa, e si apoian, e para outras non, pero vostedes seguen dando a palmadiña nas costas, porque aquí o importante non é o positivo e a mellora de calidade dos veciños, resolver os grandes problemas que teñan os veciños, as grandes eivas, en todo sentido, gastar o que hai que gastar e non gastar o que non hai que gastar, como ven dixo vostedes, pero, sen embargo, logo vai e sigue vostede alentando e dando o seu respaldo a este goberno minoritario.

**Sr. Gregorio Vaqueiro:** Este tipo de iniciativas, a veces, fálase de turismo, nun Concello coma o noso no que hai moita xente que traballa fora e ven durmir, incluso pode servir para que xente que directamente ven simplemente a durmir faga algún tipo de actividades no noso Concello. En canto ao traxecto, si que sería interesante que pasase polo maior número de locais posibles nos que estean en funcionamento, adaptalo un pouco as necesidades económicas dos locais existentes.

**Sr. Guerra García:** En principio lamentar as limitacións que ten o proxecto impostas por quen subvenciona, que é o GDR, en canto ao traxecto, porque efectivamente con esa limitación dos 5 quilómetros quedan fora algunhas adegas que hai neste Concello, xa non son moitas, e o peor é que pode dar a impresión ao final de que se trata, polo menos en canto a viños, de sinalar un punto moi concreto dentro do mapa xeográfico de noso Concello. En todo caso, iniciativas destas sempre teremos que tentar melloralas, fora das limitacións que a veces nos veñen impostas, con todas as reservas eu creo que é positivo establecer a maior marxe para xente que nos visita unha ruta enogastronómica como esta, sempre é un atractivo que debemos de atender.

**Sr. Troncoso Estévez:** Efectivamente o proxecto ten as súas limitacións, oxalá puidésemos facer un roteiro por todo o Concello, recollendo todas as adegas e todos aqueles puntos estratéxicos e turísticos, pero efectivamente o proxecto ten as súas limitacións e nós intentamos facer encaixe de bolillos para que no percorrido de 5 km, neste caso 4 km, puidésemos meter o maior número de puntos de interese que englobasen estes dous treminos, enogastronomía. É certo que pasa por diante dunha produción vitivinícola, neste caso, pero pasa por aí non só por ese interese ,ao final estamos falando dunha zona que ten outro tipo de interese, interese turístico, interese arquitectónico, todos sabemos o Pazo de Pegullal o tipo de espazo que é, e é un emblema tamén para o noso Concello. E é certo que tamén facemos mención a través dos paneis interpretativos das outras adegas que temos no noso Concello, nesta primeira fase non podemos pasar por todas elas, pero este é un



proxecto tamén dinámico pois ao mellor nun futuro se pode facer unha segunda fase, unha terceira fase, na que podamos implementar ou pasar por outros pazos tamén significativos. Precisamente, a idea é que finalice este roteiro no casco urbano precisamente para que a xente unha vez que chegue á praza se poda espallar por todo centro da Vila, visitando aqueles comercios, aqueles locais, aqueles restaurantes que máis lles apeteza. Tamén hai, no un último dos paneis, un acceso para todos aqueles bares e restaurantes que teñan dentro da súa carta a posibilidade de degustar o produto dos callos e os viños.

Tamén este proxecto ten unha parte que é unha web, unha web turística, os paneis informativos van ter un QR que levan a esta web para que teñan máis información sobre eses espazos que se van a visitar, sobre esas paradas obrigatorias, e que a xente que veña de fora poidan coñecer máis acerca dos nosos produtos, do noso Concello, dos nosos reclamos turísticos, creo que é unha ferramenta que pode dar moito xogo e que non sexa só un roteiro de vir, andar e comer callos e beber viño, senón aprender un pouquiño máis do noso Concello.

**Sr. Rodríguez Davila:** Como acabamos de escoitar o goberno minoritario de catro Concelleiros non contou co grupo do BNG e do PSOE para decidir a ruta, catro persoas deciden o que facer, eu creo que aí é onde se demostra que vostedes se tiveran un pouco máis de peso político, non xa con nós que é normal que con nós non conten, por suposto o que dixer e o mantemos porque nós non somos coma outros que vamos cos da feira e vimos cos do mercado, porque hai persoas que din unha cousa unha hora antes e unha hora despois fan todo o contrario do que dixeron unha hora antes, por iso, que non é o caso deste portavoz, nin deste grupo maioritario, polo tanto manteño o que dixer no pleno respecto da relación institucional co grupo da Alcaldesa, pero no fondo estamos de acordo, por suposto, o que non estamos de acordo é no deseño e porqué se discriminan uns locais e noutros non, porque se sinalan, igual que fixeron no pasado, coas pegatinas famosas do alumeado de Nadal, lamentable, ou porqué se vetou a compra e o gasto por parte deste Concello sendo membro dese goberno a señora Castineira, a certos comercios locais, prohibindo a compra expresa neses locais no noso Concello, etc... entón quero dicir que o importante é apoiar ao comercio local pero con realismo, con sensatez e non con slogans e logo facer todo o contrario como acabo de dicir, sinalando aos que si porque colaboran co alumeado de Nadal e aos outros non, e vetando aos comercios a non comprar por parte do Concello neses locais. Polo tanto, o noso voto vai ser a abstención porque non compartimos a ruta, digamos o recorrido, non o fin, o fin si que o compartimos, e o apoio ao comercio local, por suposto, pero nós non podemos votar a favor dunha ruta que non compartimos o seu trazado porque discrimina e sobre todo porque creo que é moi mellorable o seu trazado, e, por certo, non é unha ruta circular porque non termina no punto onde se inicia, termina en un punto intermedio, entón, a ruta circular é iso, non é o que vostedes debuxan. Pero, unha vez máis, a Presidencia se rí porque o aprecio, o respecto, xa non o ten con case ninguén e demóstrao pleno a pleno. Por tanto, dixer o que dixer e mantemos o que dixemos no pasado.

**Sra. Alcaldesa:** Antes da votación gustaríame dicir un par de cousiñas, a min me deixas sumamente sorprendida, a que comercio vetei eu, Santi? di nomes, pono sobre a mesa, fala claro, non acuses desta maneira así, alegremente. Ti disparas, logo fará outra cousa, cortará o vídeo poñerá no ollo político que xa se acercan as eleccións, está sumamente activo, que



casualidade, fará esas cousas, un clásico. Eu xamais vetaría a un comercio local e reto a que poña sobre a mesa neste pleno de maneira pública probas de que iso foi así. Dito isto, eu creo que temos que alegrarnos, Deus, parece isto un funeral, acabamos de conseguir unha inversión de case 150.000€, o PP vai absterse, menos mal que non se lles ocorreu dicir que nós fomos do GDR, como está agora de moda entre o PP, marcha Baiona, marcha Porriño, marcha un montón, porque se non manexan eles o tinglado marchan, desaparecen, cando o GDR trae cousas tan beneficiosas como este tipo de inversión, menos mal que non nos pediu iso, eu estaría ben contenta de que a través do GDR do que formamos parte dez de Alcaldes e Alcaldesas de todas as cores políticas consigamos inversión deste tipo para os nosos Concellos é motivo de estar ben contentos.

Non me entra na cabeza tampouco que non o acabe de ver, todas as rutas son mellorables e ogallá non tiveramos nin limitacións de bases en canto ao percorrido, nin limitación orzamentaria que probablemente nos permitiría facer unha ruta de longo recorrido por todo o Concello visitando todas as adegas. Que pase por Pegullal non quere dicir que non se vaia a promocionar nin a Finca Porteliña, nin Corisca, como así se vai a facer cos paneis, como así se trata de promocionar a través de tendas que venda ese produto como por exemplo na Praza de Abastos. Eu creo que vostedes tampouco tiveron moito interese en estudiarse ben o proxecto senón non estarían facendo estes comentarios.

E despois din que non ten moito sentido empezar non matadoiro cando esta ruta está vinculada a hostalaría, natureza, viño, callos, carniceiros... o matadoio foi un edificio vinculado precisamente a todo o que acabamos de falar, ou vostede que pensa que o D'Orsay foi sempre un museo de arte impresionista, non, antes foi unha estación de tren, o Museo do Coiro de Allariz foi outra cousa e agora mesmo son puntos de referencia, vas alí e a través des paneis explican o que foi o edificio, o que nós pretendemos co matadoio. Dicir que non ten sentido empezar alí que agora xa ten outra actividade, moi pouca idea de turismo ten vostede, que tampouco lle pido que a teña porque recordo unha gran frase nesta sesión plenaria cando dixo "Concelleiro de Turismo en Salceda pero si non temos praia", esa frase quedou acuñada para a historia, iso foi verdade e está recollido nas actas e todo o mundo recorda esa gran frase de que Salceda non ten praia entón para que iamos a ter un Concelleiro de Turismo.

Está demostrado que é importante ter estes recursos sobre todo para atraer a público e para xerar interese non só de xeito local senón de xeito comarcal, porque nós si que creemos na comarca, nós si que apostamos por investimento na Comarca e por en valor o noso produto, non nos vamos a saír do GDR aínda que Salceda de Caselas sexa un dos Concellos menos beneficiados porque temos o produto interior máis elevado, temos unha poboación que aumenta, en fin, non somos dos máis beneficiados nos fondos pero somos persoas leais.

En todo caso, un motivo de alegría, 150.000 € para un roteiro que vai por en valor a nosa hostaleira, a nosa natureza que por fin temos recursos que amosar como son as sendas, agora si, viño, callos e por suposto a figura dos carniceiros.

Paso da dar lectura a proposta de acordo seguinte:

*"Visto o proxecto de obras denominado Roteiro enogastronómico en Salceda de Caselas do*



*Plan de Sustentabilidade en Destino “Condado Paradanta destino enogastronómico” redactado por Rubén M. Vázquez Pérez e M<sup>a</sup> Teresa Ramos Covelo en data 19.01.2026, ascendendo o total do orzamento de contrata a 143.950,00€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 24.983,06€ e o presuposto sen IVE a 118.966,94€ e sendo necesaria a aprobación do mesmo.*

*Visto o informe técnico núm. 2026-0019 favorable á viabilidade urbanística da obra.*

*Visto o informe de Secretaría núm. 2026-0004 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.*

*Visto que se cumpren os requisitos esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

*Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 o) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte*

## **ACORDO**

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto de obras denominado Roteiro enogastronómico en Salceda de Caselas do Plan de Sustentabilidade en Destino “Condado Paradanta destino enogastronómico” redactado por Rubén M. Vázquez Pérez e M<sup>a</sup> Teresa Ramos Covelo en data 19.01.2026, ascendendo o total do orzamento de contrata a 143.950,00€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 24.983,06€ e o presuposto sen IVE a 118.966,94€, que reúne cantos requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

**SEGUNDO.** Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta esta resulta aprobada por SEIS VOTOS a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4), PSdeG-PSOE(1) e BNG (1), e SEIS ABSTENCIÓNS dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PP (6), adoptándose o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto de obras denominado Roteiro enogastronómico en Salceda de Caselas do Plan de Sustentabilidade en Destino “Condado Paradanta destino enogastronómico” redactado por Rubén M. Vázquez Pérez e M<sup>a</sup> Teresa Ramos Covelo en data 19.01.2026, ascendendo o total do orzamento de contrata a 143.950,00€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 24.983,06€ e o presuposto sen IVE a 118.966,94€, que reúne cantos requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións



Públicas.

**SEGUNDO.** Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

